



Probablemente non haxa conxunción máis feliz e afortunada que aquela que permite unir en saudable identidade vocación e profesión. Pola contra, erguerse cedo pola mañá e non ter outra que ter que acudir a un posto de traballo odiado que, por tantas posibles razóns, axita, desacouga, tensa, explota ou escraviza é máis condena que beizón. E porén, non parece que sexan excepcionais o número destas situacións en relación con aquelas outras. Ao contrario, os casos nos que o emprego permite desenvolver ao máximo as propias capacidades, segundo un proxecto vital soñado e realizado, parecen ser menos abundantes que os da xente que traballa no que pode para subsistir do mellor xeito posible.

Pero, –de que estamos a falar aquí? –De política laboral? –De economía e produtividade? –De cuestións sociais e sindicais?

Apunta cara unha fonda cuestión o considerarmos este tema do traballo, do emprego e da propia realización humana como algo xenuinamente significativo desde unha ollada explicitamente cristiá. –Cantos dos nosos veciños non pensan que as cuestións laborais nada teñen que ver coa relixión? –Non hai unha ampla cantidade de persoas que vinculan unicamente a Igrexa e o cristianismo co culto e as devocións sen decatarse de que nada humano hai que lle poida resultar alleo?

De seguro que non sería propia de *Encrucillada* tal posición, pois ten esta nosa revista no seu máis propio ADN, non só o diálogo coa sociedade e a cultura, senón tamén a lectura crente de todos os gozos e as esperanzas, as tristuras e as angustias dos seres humanos do noso tempo (GS, 1). –Quen non cre que o traballo ou a falta del é unha desas cuestións fondas, desacougantes e urxentes?

Neste número, como ben sendo habitual en todos os peches de ano, publicamos os relatorios do XXXVII *Foro de Encrucillada*, celebrado o sábado, 21 de outubro de 2023, no salón de actos do colexio da Compañía de María en Santiago de Compostela.

Tito Suárez Pérez presenta o tema principal do Foro: o traballo digno, porque diso se trata. Non só de ter un emprego que pague facturas, senón de poder desenvolver un traballo que permita vivir a vida cunha dignidade integral.

O bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, expón as liñas mestras da teoloxía do papa Francisco acerca desta cuestión, en diálogo coa cultura e a sociedade, no marco global da doutrina social da Igrexa.

Francisco Porcar Rebollar, militante da IOAC-HOAC, pon o foco, tamén, na doutrina social da Igrexa, pero centrándose no intento de xerar unha nova cultura política desde a perspectiva da equidade, o ben común e a xustiza.

Eloína Ingerto López, da Fundación Juan Soñador, achéganos á realidade do traballo digno en Galicia, facendo a necesaria aterraxe de todas estas cuestións na nosa terra.

O Foro pechouse cun breve momento de reflexión persoal que foi iluminado e acompañado polas palabras de homes e mulleres que fixeron do dereito ao traballo digno a súa loita.

Engadimos, tamén, un estudo de Aleixandre Freire Duarte, docente na facultade de teoloxía da Universidade Católica Portuguesa, no que se ofrece unha suxestiva mirada á realidade social do presente que se fixa na importancia de determinados arquetipos imperantes nela á hora de desenvolver unha pastoral evanxelizadora realmente efectiva.

Completamos este número coa sempre esperada Rolda de Igrexa de Manolo Regal Ledo, co índice do ano elaborado por Manuel García Villasenín, cos debuxos de Soedade Pite e, tamén, cunha recensión dun libro recentemente publicado asinada por Tito Suárez Pérez.

No taboleiro poderedes ver as contas do Foro deste ano.

Grazas por colaborar con *Encrucillada*. Nós facemos tan só unha parte do traballo. A vosa recepción e o voso apoio fan o resto. Anímámosvos a seguir colaborando. Que teñades un bo Nadal.

Pedro Castelao